



Educación, cultura de paz e convivencia democrática

Manuel Dios Diz¹

Cando teño que compartir unha reflexión sobre a Educación, a Cultura da Paz e a Convivencia Democrática, tendo a comezar citando un grande, case que galego de Combarro por parte de pai, o Premio Nobel da Paz 1980 don Adolfo Pérez Esquivel, que vén de cumprir 92 anos. D. Adolfo, fundador e director do *Servicio de Paz y Justicia* para América Latina, repite con insistencia que «Vivimos nun mundo incendiado pola guerra» e, sen dúbida, ten razón. Existen na actualidade máis de 50 conflitos bélicos activos no planeta, algúns máis coñecidos, como son Ucraína, Palestina, Sáhara, Siria, Libia, Iemen, e outros menos, como Birmania ou Nepal, entre outros máis.

Se nos deixamos levar polo tratamento que dan os grandes medios a estes conflitos, parecería como que a Humanidade vive unha época de violencia extrema, como nunca antes houbera. Sen embargo, os estudos científicos máis recentes, así os de Steven Pinker, por exemplo, defenden unha tese aparentemente contraria:

1 Manuel Dios Diz é mestre, licenciado en Xeografía e Historia e doutorando en Estudos Contemporáneos pola Universidade de Santiago de Compostela, exerceu tamén como profesor de instituto. Membro de diferentes asociacións e redes internacionais (*Teachers for peace*, p. e.), foi fundador e presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz (1985), vicepresidente do consello de dirección da Fundación Cultura de Paz e do Secretariado Internacional do Foro Mundial da Educación. Autor de materiais didácticos, de documentais (*En son de paz*) e de libros (*La paz como cultura. Fuentes y recursos para una pedagogía de la paz*), coordinou una recente obra colectiva, recensionada neste mesmo número: *Abajo las armas. ¿Dónde está el pacifismo? 32 miradas incómodas*. Sindicalista e con militancia política xa nos tempos da ditadura (desde a UPG ata o Espazo Ecosocialista), foi concelleiro en Santiago por Compostela Aberta entre 2015 e 2019 e asemea deputado provincial.